

ENCUNTROS VIRTUAIS XUNTA - UE

A Comisión von der Leyen II: perspectivas e desafíos do novo executivo comunitario

DATA e LUGAR	6 de febreiro de 2025, en liña
ORGANIZACIÓN	Fundación Galicia Europa
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ▪ Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ▪ Consellería de Economía e Industria ▪ Consellería de Política Social e Igualdade ▪ Consellería de Sanidade ▪ Consellería do Mar ▪ Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN) ▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) ▪ Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ▪ Axencia de Turismo de Galicia (ATURGA)
RELATORA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sonia Vila Núñez, xefa de unidade de IDEA, o centro de asesoramento da presidenta da Comisión Europea

Introducción

O **director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo**, inaugurou unha nova edición dos ‘Encontros virtuais Xunta-UE’, o **foro de debate entre o goberno galego e as institucións europeas**. Durante a sesión, abordáronse as perspectivas e desafíos do novo executivo comunitario, o segundo presidido por Ursula von der Leyen.

Sonia Vila, **directora xeral en funcións e xefa de unidade responsable de IDEA**, o centro de asesoramento da presidenta da Comisión Europea –a piques de incorporarse ao gabinete de Roxana Míngatu, vicepresidenta executiva de Dereitos Sociais e Capacidades, Empregos de Calidade e Preparación Estratéxica–, puxo sobre a mesa o punto de vista comunitario, mentres que **Ana Ramos**, **directora da oficina da Fundación Galicia Europa (FGE) en Bruxelas**, repasou as prioridades galegas ante o comezo do novo ciclo institucional.

Na inauguración, Jesús Gamallo destacou a importancia de achegar a Unión Europea a Galicia a través de iniciativas como os ‘Encontros virtuais Xunta-UE’, que cualificou de fundamental para trasladar as prioridades europeas ao ámbito da Xunta. O director xeral explicou que **para defender os intereses galegos en Europa é imprescindible comprender como se deseñan as políticas comunitarias** e achegar a experiencia da FGE dende o terreo.

Sobre as prioridades da nova Comisión von der Leyen, Jesús Gamallo **destacou cuestións como a ampliación da UE e a súa autonomía estratéxica, a seguridade e defensa, ou a neutralidade climática**. Unhas prioridades que, en palabras da propia presidenta da Comisión recollidas polo director xeral, céntranse no fortalecemento do futuro de Europa nos próximos anos.

Resumo da reunión

As eleccións europeas de xuño de 2024 supuxeron un cambio de mandato que resultou na formación dun novo Colexio de Comisarios liderado, por segunda vez, por Úrsula von der Leyen. Esta nova Comisión Europea afrontará un período de cinco anos no que deberá enfrontarse a diversos desafíos políticos, económicos e sociais. Entre os máis destacados están a implementación da lexislación do Pacto Verde, a perda de competitividade das industrias europeas e a dependencia externa en materia de seguridade e defensa.

Estes desafíos foron identificados por Enrico Letta, Mario Draghi e Sauli Niinistö como fundamentais para o futuro de Europa, especialmente no contexto internacional actual, caracterizado pola incerteza e volatilidade das relacións entre bloques. Por iso, a Comisión Europea adaptou a súa axenda para este novo mandato tendo en conta as novas prioridades e o contexto no que deberá actuar. A nova axenda, que pon un especial énfase na competitividade, está baseada en tres piares de actuación:

- I. **Competitividade:** segundo Mario Draghi, o principal obxectivo da UE debe ser incrementar a súa competitividade industrial, xa que sen ela non será posible manter o modelo social e político europeo no contexto internacional actual. Para iso, Draghi sinala a necesidade de **reducir a brecha en termos de innovación** entre as industrias europeas e as dos seus principais competidores (principalmente Estados Unidos e China), **avanzar na descarbonización sen comprometer a competitividade** industrial e **reducir a dependencia exterior da UE** en sectores clave para a súa seguridade interior. Isto implica non só o desenvolvemento de industrias estratéxicas dentro da UE, senón tamén o fortalecemento da capacidade dos Estados membros para defenderse militarmente por si mesmos.

Estas liñas de actuación vense reflectidas na Comunicación da Comisión Europea sobre o **Compás de Competitividade**. Este Compás, publicado o pasado 29 de xaneiro, representa a axenda de crecemento para os próximos anos ao recoller as medidas concretas que a Comisión Europea agarda adoptar para abordar a cuestión da competitividade en Europa. Entre as principais actuacións, destacan a creación dunha **Unión de Capacidades**¹, dirixida a afianzar e reforzar as sinerxías entre o ámbito educativo e académico e o sector privado, ou o lanzamento dun **Diálogo Estratéxico sobre o futuro da industria da automoción**, tan importante para Galicia e que pretende reunir aos principais fabricantes europeos co fin de identificar e abordar os problemas do sector. **Toda esta ambición verase reflectida na futura proposta de Marco Financeiro Plurianual (MFP) para o período posterior a 2027, a cal será publicada despois do verán.**

- II. **Preparación Estratéxica:** esta conformará outro dos piares sobre os que se asentará o traballo da Comisión neste novo mandato. O informe Draghi subliñou a necesidade de reducir as dependencias estratéxicas da UE, incluíndo as que afectan a sectores estratéxicos da economía europea e á defensa das súas fronteiras. Neste sentido, A Comisión buscará revitalizar a industria europea de defensa a través do reforzo da súa competitividade e a creación dun mercado único para a súa produción. Isto levará consigo un incremento do protagonismo da defensa no próximo MFP. Ademais, **reforzarase a preparación da poboación civil ante novas ameazas, incluíndo desastres naturais e ataques híbridos.**

Con este fin a Comisión presentará o próximo 26 de marzo a súa Comunicación sobre a **Unión de Preparación** e a **Estratexia de Seguridade Interior**. Tamén nos primeiros cen días de mandato se agarda a publicación do **Libro Branco para a Defensa de Europa**, destinado a recoller a visión das partes interesadas na materia.

¹ A Comunicación sobre a Unión de Capacidades presentarase o próximo 5 de marzo.

- III. **Simplificación:** A complexidade das normas europeas, a fragmentación reguladora do mercado único en algúns aspectos, e o difícil acceso de empresas e particulares ao financiamento europeo é o terceiro pilar sobre o que Mario Draghi suxire actuar, posto que reduce a competitividade e dificulta que as empresas podan medrar. Así, a nova Comisión está decidida a reducir a carga burocrática das empresas, especialmente das de mediano e pequeno tamaño, a través da revisión da lexislación existente e a simplificación da lexislación futura. Se ben identificar o potencial de simplificación é algo que a presidenta da Comisión Europea lles pide a todos os comisarios nas cartas de misión presentadas o pasado mes de novembro, contarase co comisario de Economía, Produtividade, Implementación e Simplificación para acadar este obxectivo que, en ningún caso, suporá desregular.

Presentación da Fundación Galicia Europa

A misión da Fundación Galicia Europa (FGE), en tanto que representación do Goberno galego en Bruxelas, é a de representar, promover e defender os intereses xerais de Galicia ante a Unión Europea, tal e como se recolle na Lei de Acción Exterior de Galicia aprobada fai catro anos. No comezo deste novo ciclo institucional, en liña co traballo que se leva realizando nos últimos anos, e as novas prioridades da Comisión Europea, a atención da FGE centrarase, entre outros, nas grandes políticas que se detallan a continuación:

Política Rexional

En 2025, a Comisión Europea ten que publicar a proposta dun novo marco financeiro plurianual (MFP), polo que a Dirección Xeral de Orzamentos (DG BUDGET) está a levar a cabo unha revisión dos máis de 50 programas de financiamento existentes, xa sexa de xestión directa, indirecta; ou compartida. Ademais, o sistema de xestión e o control da política de cohesión está sendo cuestionado en favor do sistema instaurado co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), máis áxil dende certos puntos de vista pero 100% centralizado nos Estados membros.

En todo este debate, a **Galicia está participando en varias iniciativas para defender a necesidade dunha política rexional forte que siga implicando ás rexións no deseño e na execución dos programas, tratando de recoller as aportacións dos diferentes departamentos da Xunta (e especialmente Facenda) para defender os intereses galegos.** Concretamente, está traballando no seo do Comité Europeo das Rexións (CdR) coa chamada “Alianza da Cohesión”, na Conferencia de Rexións Marítimas e Periféricas (CRPM) e con outras rexións europeas no marco da iniciativa #EURegions4Cohesion.

Neste último suposto, e despois da carta mandada en maio á presidenta da Comisión Europea, a alianza que agrupa a máis de 140 rexións europeas, organizou **a principios de outubro unha reunión política no Parlamento Europeo** cos eurodeputados que haberían de aprobar os candidatos a comisarios propostos por Ursula Von der Leyen. Nesta reunión participaron 20 representantes rexionais, entre os que se atopaba o conselleiro de Facenda, e máis de 30 eurodeputados.

Con motivo desta viaxe, **a FGE organizou unha reunión do Conselleiro de Facenda co director xeral adxunto da Dirección de Política Rexional da Comisión Europea**, onde se animou a elaborar unha posición común das CCAA sobre neste debate. Por conseguinte, a FGE elaborou unha proposta de posición que está pendente do acordo co resto das CCAA.

A FGE está a coordinar a participación das 17 comunidades autónomas nesta alianza como coordinadora do grupo de Cohesión do sistema de colaboración informal entre as oficinas de representación autonómica en Bruxelas (CORE). En decembro, a FGE organizou unha

reunión de CORE cos conselleiros de Facenda e a Oficina Económica do Goberno na que se debateu sobre a posición de España no actual debate sobre o futuro Marco Financeiro Plurianual.

Tamén no marco de *#EURegions4Cohesion* participouse, **a finais de xaneiro deste ano, en tres reunións mantidas entre unha delegación de 20 representantes rexionais e membros da nova Comisión Europea**: a vicepresidenta executiva de Persoas, Capacidades e Preparación, Roxana Mînzatu, o vicepresidente executivo de Cohesión e Reformas, Raffaele Fitto, e o comisario de Orzamento, Loita contra a Fraude e Administración Pública, Piotr Serafin. **A finalidade destas reunións foi, novamente, defender unha política de cohesión que conte cun orzamento forte e sitúe ás rexións no centro do seu deseño e aplicación.**

Transición Limpa e Competitiva

Galicia está traballando para completar a transición limpa e asegurar a competitividade das empresas e do territorio. No eido enerxético a comunidade sempre destacou pola súa aposta polas enerxías renovables, a cal se atopa actualmente paralizada no sector eólico debido á **existencia dunha cuestión prexudicial pendente de resolver polo Tribunal de Xustiza da UE (TXUE) e ás sucesivas suspensións da eficacia das autorizacións administrativas recibidas por determinados parques eólicos**. En canto ao hidróxeno, destaca a petición para incluír a conexión Guitiriz-Zamora como Proxecto de Interese Común (PIC) no mapa europeo de hidróxeno verde, o cal permitiría desenvolver a produción incipiente deste recurso no norte de Galicia.

En canto a medio ambiente e biodiversidade, destacan as cuestións relacionadas coa contaminación de granulados e o status de protección do lobo. Sobre a primeira cuestión, a FGE defendeu en varios foros, incluído o Comité da Rexións (CdR) a necesidade de incluír o transporte marítimo fose incluído no ámbito de aplicación da proposta de regulamento sobre contaminación de granulados. En relación co lobo, Galicia sempre defendeu unha convivencia pacífica das actividades agrarias cos grandes carnívoros.

Transición Xusta e Estratexia Industrial

Situacións de gran calado económico e social no ámbito medioambiental, como é o **peche das centrais térmicas de As Pontes e Meirama, fan que o Goberno galego sexa consciente da necesidade de promover unha transición xusta no territorio**, para o que será preciso asegurar a execución dos obxectivos climáticos e medioambientais europeos sen reducir a competitividade dos diferentes sectores industriais, incluída a industria do automóbil, que representa preto do 14% do PIB galego. Neste sentido Galicia xa participa, no marco do Comité Europeo das Rexións (CdR), en senllas redes rexionais para impulsar a transición xusta do sector: o Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil (CoRAI) e a Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA). **Neste último caso, a FGE traballa no grupo técnico de ARA**

para, entre outros, preparar a súa asemblea política anual, que en 2024 contou coa participación da Conselleira de Economía e Industria.

Continuando co traballo xa feito durante o anterior mandato da Comisión Europea, a **FGE fará un seguimento das varias medidas europeas que terán unha pegada na rexión**, como poden ser as iniciativas relacionadas coa **modificación marco europeo de axudas estatais, especialmente aquelas relacionadas coas Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional (DAR)**, así como a unha posible ampliación do ámbito de aplicación do Fondo Transición Xusta (FTX) a outras industrias, como pode ser a do automóbil.

Ligazóns de interese

- **Noticia FGE-Xunta e Comisión Europea abordan as prioridades do novo executivo comunitario**
- **Comunicación da Comisión. Un compás de Competitividade para a Unión Europea**
- **Folla Informativa sobre o Compás de Competitividade**
- **Páxina web do Compás de Competitividade**
- **Informe de Mario Draghi. The future of European competitiveness. A competitiveness strategy for Europe.**